



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### ACTA N.º 9/2018 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 10 DE SETEMBRO DE 2018

#### ORDE DO DÍA

#### I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NUM. 2/2018 POR IMPORTE DE 236.076,52 € .

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 21/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 45.771,65 € .

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 22/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 42.627,49 € .

I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 23/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 236.076,52 € .

I.5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 24/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 15.000,00 € .

I.6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA - APROBACIÓN PLENARIA SEGUNDA MODIFICACIÓN DAS BASES DO III PLAN BECAS MUNICIPAIS DE NIGRÁN.

#### ASISTENTES:

#### Grupos:

#### Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

#### Concelleiros/as:

- D.<sup>a</sup> Raquel Giráldez Armas  
- D. Diego García Moreira  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez  
- D. José Luis Sanromán Román  
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez  
- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorroto  
- D. Miguel Alonso Fernández  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo  
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### Outros datos da sesión:

- *Data:* Luns, 10 de setembro de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 12:05
- *Hora de remate:* 13:20
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16

### Incidencias:

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D. José Luís Sanromán Román, ao comezo do debate de primeiro punto da orde do día.
- *Concelleiros que abandonan a sesión, e momento en que o fan:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

### **I.1.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NUM. 2/2018 POR IMPORTE DE 236.076,52 € .**

A Comisión Especial de Contas, na sesión extraordinaria do 5 de setembro de 2018 informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas 187 facturas por importe de 190.451,11 euros, e 88 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal (do Concello e externo) por importe de 45.625,41 euros; facturas, locomocións, dietas e outros (por importe total de 236.076,52 euros) non contabilizados nen pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes ou irregulares contratacións de obras, servizos ou subministros documentalmente acreditados, así como a diversos gastos por desprazamentos, dietas e outros, de corporativos e persoal.

Sendo criterio desta Alcaldía que o Concello de Nigrán intente cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada, especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á existencia de expedientes administrativos completos e conformes a Dereito; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao "Bon goberno" según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, do 10.12.2013.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pago diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 138/18, de data 21/08/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 187 facturas por importe de 190.451,11 euros, e nos 88 gastos de locomoción, dietas e outros, de corporativos e persoal por importe de 45.625,41 euros indicados nas relacións unidas a esta proposta; aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados por importe total de 236.076,52 euros; imputando os gastos aos créditos no seu momento dispoñibles nas aplicacións orzamentarias que procedan do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Terceiro.- O recoñecemento extraxudicial antes citado queda condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito (a tramitar) do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 mediante créditos extraordinarios por importe de 236.076,52 euros.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Explica as razóns da proposta, facendo fincapé en gastos de persoal pendentes. Ademais hai outras facturas por traballos de empresas que non puideron contabilizarse en 2017 na súa maior parte. Pensa que obedecen a necesidades e que os acredores deben cobrar. Recoñece que non é a mellor das formas e tratarán de ir corrixir esta práctica. Hai facturas de importes moi pequenos e a suma non é especialmente significativa sobre o total do orzamento. Non sabe de ningún goberno anterior que puidese evitar isto. Se algún grupo ten dúbidas sobre algunha das facturas estarían en disposición de aclaralas ou retiralas no seu caso. Pide aos grupos que non impidan a aprobación desta proposta.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Piden que a moción quede sobre a mesa. Na comisión faláron de aceptar determinadas facturas xustificadas, como as de reintegro de gastos xudiciais. Ademais non debería usarse a consignación reservada para a revisión de pezos de CESP. Por iso piden que quede sobre a mesa. Nos demais casos habería que acudir a unha previa revisión de oficio. O informe do Interventor así o indica. Se non se





acepta isto votarán en contra.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* Quen non cobre será por irresponsabilidade do goberno. Os orzamentos poden modificarse para evitar isto. Salvo os pagos aos traballadores, o demais rexéitano. Apoiarán que o asunto quede sobre a mesa.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Apoia a proposta dos grupos que o precederon. El habitualmente apoiou estas iniciativas, pero o goberno parece que deixou de lado o control do gasto. Xa se levan máis de 600.000 euros recoñecidos na lexislatura. Entende que hai casos nos que pode entenderse pero a cuestión ten que controlarse. Hai temas de diversa natureza que debería separarse.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* O problema é facer deste procedemento unha forma de saltarse as formalidades. A práctica de contratar sen procedemento non é admisible. Os gastos de persoal están xustificadas, salvo algunha aclaración, ou os que corresponden aos de reparar danos polos incendios, vacacións en paz, ou outros relacionados con entidades sen ánimo de lucro. Apoia a proposta de que quede sobre a mesa para que no seo da Comisión de Contas ou en Xunta de Portavoces, se aclare a cuestión.

**Votación da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto quede sobre a Mesa

## **I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 21/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 45.771,65 € .**

A Comisión Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do 5 de setembro de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

De conformidade co indicado nunha proposta do Concelleiro de urbanismo, mobilidade, medio ambiente e persoal, do día 16.07.2018, referida á necesidade de contar en 2018 con tres funcionarios interinos (un enxeñeiro e dous administrativos) para o "Programa temporal: Planificación de contratos 2018".

De conformidade co indicado nunha proposta da Concelleira de Facenda, contratación e desenvolvemento, do día 23.07.2018, referida á necesidade de contar en 2018 cun auxiliar administrativo interino, para o "Programa temporal: Reforzo de persoal na Tesourería do Concello para levar a cabo tarefas de xestión de ingresos".

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente, destinado ás retribucións e á Seguridade Social a cargo do Concello de tres funcionarios interinos (un enxeñeiro e dous administrativos) para o "Programa temporal: Planificación de contratos





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

2018”, e dun auxiliar administrativo interino na Tesouraría para o “Programa temporal: Reforzo de persoal na Tesouraría do Concello para levar a cabo tarefas de xestión de ingresos”; polo que é precisa unha modificación orzamentaria en 2018 mediante transferencias de crédito por importe de 45.771,65 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido en dez aplicacións orzamentarias que se pode utilizar para financiar integramente os 45.771,65 euros precisos para as contratacións e para a Seguridade Social a cargo do Concello do persoal citado, na parte proporcional correspondente a 2018 (3,5 meses para o “Programa temporal: Planificación de contratos 2018”, por importe de 37.482,97 euros en 2018; e 3,5 meses para o “Programa temporal: Reforzo de persoal na Tesouraría do Concello para levar a cabo tarefas de xestión de ingresos”, por importe de 8.288,68 euros en 2018).

Visto o establecido nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como nas bases de execución 5ª.3 e 8ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 118/18, de data 31/07/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 21/18 mediante transferencias de crédito por importe de 45.771,65 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, cos seguintes destinos e orixes:

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Destino/Orixe</b>	<b>Euros</b>
1815112003	Soldos grupo C1 urbanismo	+ 2.985,23
1815112100	Complemento destino urbanismo	+ 2.155,59
1815112101	Complemento específico urbanismo	+ 3.292,80
1815116000	Seguridade Social urbanismo	+ 2.589,12
1845012000	Soldos grupo A1 infraestructuras	+ 3.897,72
1845012100	Complemento destino infraestructuras	+ 2.155,59
1845012101	Complemento específico infraestructuras	+ 5.699,63
1845016000	Seguridade Social infraestructuras	+ 3.684,55
1892012003	Soldos grupo C1 administración xeral	+ 2.985,23
1892012100	Complemento destino administración xeral	+ 2.155,59
1892012101	Complemento específico administración xeral	+ 3.292,80
1892016000	Seguridade Social administración xeral	+ 2.589,12
1893112004	Soldos grupo C2 administración financeira	+ 2.530,33





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1893112100	Complemento destino administración financeira	+ 1.669,19
1893112101	Complemento específico administración financeira	+ 2.142,24
1893116000	Seguridade Social administración financeira	+ 1.946,92
1813012003	Soldos grupo C1 seguridade	-7.000,00
1813012100	Complemento destino seguridade	-3.500,00
1813012101	Complemento específico seguridade	-6.000,00
1832312005	Soldos grupo E educación	-7.000,00
1832312100	Complemento destino educación	-3.100,00
1832312101	Complemento específico educación	-2.600,00
1834012004	Soldos grupo C2 deportes	-5.600,00
1834012100	Complemento destino deportes	-3.700,00
1834012101	Complemento específico deportes	-4.500,00
1834013000	Retribucións persoal laboral fixo deportes	-2.771,65

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 21/18 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 21/18 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

### **Deliberación conxunta dos puntos I.2 e I.3 da orde do día.- Síntese das intervencións:**

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Trátase de dar cobertura a dous programas por acumulacións de tarefas referidas a Contratación e Servizos Urbanos, por un lado, e Tesourería, por outro. No punto 3, para a Biblioteca, por acumulación de tarefas, tamén para Tesourería, e outra para Urbanismo. Por outra parte, xa se está traballando nunha oferta de emprego público.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Aos puntos 2, 3 e 5, á vista dos informes, vanse abster, polos prexuízos que se producirían. Tampouco cabería votar a favor porque non hai informes para resolver as discrepancias cos reparos.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* A planificación dos contratos para 2018 non incorpora todos os necesarios, incluídos os aprobados polo Pleno en materia de control de vertidos ou para emerxencias municipais, entre outros. Tampouco se sabe nada da programación para os anos próximos. Pensan que pode colapsar a oficina de contratación, por iso propoñen que na RPT se doten prazas nese departamento.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* A situación do persoal non se quixo afrontar no seu momento. A Intervención formula reparos á iniciativa. A oficina de contratación non verá mellorada a súa situación a curto prazo. Os reparos son de calado. Hai elementos para opoñerse á proposta. Os expedientes ademais non estaban completos no momento da convocatoria da comisión. Non van a aceptar esta forma de actuar. Votará en contra.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Apoia a dotación de recursos necesarios para o bo funcionamento de certos departamentos. Defende que se acuda ao nomeamento de funcionarios interinos. Este é un parche temporal. O departamento de contratación vai quedar sen persoal e o goberno debe actuar.

*Sr. Cuevas Raposo:* A segunda proposta tamén confunde unha necesidade permanente cunha solución temporal.

*Sr. García Moreira:* Aquí débete un plan de emprego temporal que vai incluso permitir facer con medios propios o que agora se contrata a empresas.

*Sr. Fernández Comesaña:* Sobre o segundo punto, hai varios reforzos administrativos. Non sempre que hai funcionarios se deixa de acudir a contratos externos. A Intervención pon en cuestión a xustificación da iniciativa. Nigrán ten o 50% máis de funcionarios que Baiona. Hai aquí un problema de xestión administrativa. Hai que buscar a raíz do problema.

*Sr. Cuevas Raposo:* Non sabe quen vai xestionar a planificación de contratos do 2019 e 2020.

**Votación conxunta e acordo sobre os puntos I.2 e I.3 da orde do día.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e BNG.
- Votos en contra: 3; Nigrán Decide e UCN.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a respectiva proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 22/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 42.627,49 € .**

A Comisión Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do 5 de setembro de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

De conformidade co indicado nunha proposta do Concelleiro de urbanismo, mobilidade, medio ambiente e persoal, do día 12.04.2018, referida á necesidade de contar en 2018 cun auxiliar administrativo interino, por acumulación de tarefas durante un período de seis meses, na biblioteca municipal.

De conformidade co indicado nun informe da Tesoureira do Concello, do día 19.07.2018, e nunha proposta da Concelleira de facenda, contratación e desenvolvemento,





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

do día 23.07.2018, sobre a necesidade de incorporar dous auxiliares administrativos interinos, por acumulación de tarefas na Tesouraría durante un período de seis meses cada un, co fin de levar a cabo a depuración e actualización das bases de datos nas áreas de xestión tributaria e recadación.

De conformidade co indicado nun informe do Arquitecto municipal do Concello, do día 20.07.2018, e nunha proposta da Concelleira de facenda, contratación e desenvolvemento, do día 23.07.2018, sobre a necesidade de incorporar un auxiliar administrativo interino, por acumulación de tarefas en urbanismo durante un período de seis meses.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente, destinado ás retribucións e á Seguridade Social a cargo do Concello de:

- Un auxiliar administrativo interino, por acumulación de tarefas durante un período de seis meses, na biblioteca municipal (10.656,87 euros en 2018).

- Dous auxiliares administrativos interinos, por acumulación de tarefas na Tesouraría durante un período de seis meses cada un, co fin de levar a cabo a depuración e actualización das bases de datos nas áreas de xestión tributaria e recadación (21.313,75 euros en 2018).

- Un auxiliar administrativo interino, por acumulación de tarefas en urbanismo durante un período de seis meses (10.656,87 euros en 2018).

Sendo precisa precisa unha modificación orzamentaria en 2018 mediante transferencias de crédito por importe de 42.627,49 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido en catro aplicacións orzamentarias que se pode utilizar para financiar integramente os 42.627,49 euros precisos para as contratacións de persoal citadas, na parte proporcional correspondente a 2018 (4,5 meses por importe total de 42.627,49 euros en 2018).

Visto o establecido nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como nas bases de execución 5ª.3 e 8ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 119/18, de data 31/07/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 22/18 mediante transferencias de crédito por importe de 42.627,49 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, coas seguintes orixes e destinos:







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe	Euros
1815112004	Soldos grupo C2 urbanismo	+ 3.253,28
1815112100	Complemento destino urbanismo	+ 2.146,10
1815112101	Complemento específico urbanismo	+ 2.754,31
1815116000	Seguridade Social urbanismo	+ 2.503,18
1833013000	Retribucións persoal laboral fixo cultura	+ 8.153,69
1833016000	Seguridade Social cultura	+ 2.503,18
1893112004	Soldos grupo C2 administración financeira	+ 6.506,56
1893112100	Complemento destino administración financeira	+ 4.292,20
1893112101	Complemento específico administración financeira	+ 5.508,62
1893116000	Seguridade Social administración financeira	+ 5.006,37
1834013000	Retribucións persoal laboral fixo deportes	- 13.228,35
1843213100	Retribucións persoal laboral temporal turismo	- 9.000,00
1845013000	Retribucións persoal laboral fixo infraestructuras	- 10.000,00
1892014300	Outras retribucións persoal municipal	- 10.399,14

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 22/18 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 22/18 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

**Deliberación conxunta dos puntos I.2 e I.3 da orde do día.** A síntese das intervencións recóllese no punto I.2

**Votación conxunta e acordo sobre os puntos I.2 e I.3 da orde do día.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e BNG.
- Votos en contra: 3; Nigrán Decide e UCN.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

a respectiva proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.4.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 23/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 236.076,52 €.**

A Comisión Especial de Contas, na sesión extraordinaria do 5 de setembro de 2018 informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018 carcécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado á contabilización de gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

Considerando minorable o crédito disponible en tres aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor accidental do Concello de Nigrán no informe referencia EFC 08/18, de data 04/09/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 23/2018 mediante créditos extraordinarios por importe de 236.076,52 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018; o importe citado destinarase ás seguintes finalidades:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
18.130.2270101	Traballos realizados p/ outras empresas: Servizo de grúa municipal (RC 2/2018)	1.337,05
18.130.21301	Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe Seguridade (RC 2/2018)	108,00
18.130.21401	Conservación material de transporte Seguridade (RC 2/2018)	802,57
18.130.2210301	Combustibles e carburantes Seguridade (RC 2/2018)	450,10
18.130.2210401	Vestuario Seguridade (RC 2/2018)	1.683,11
18.130.2269902	Gastos diversos Seguridade (RC 2/2018)	2.660,31





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

18.130.23021 Dietas persoal Seguridade (RC 2/2018)	1.171,67
18.130.23121 Gastos locomoción Seguridade (RC 2/2018)	1.780,30
18.130.62301 Instalacións en dependencias Seguridade (RC 2/2018)	1.174,79
18.130.62401 Adquisición equipamento vehículos Seguridade (RC 2/2018)	3.412,20
18.130.62501 Adquisición mobiliario Seguridade (RC 2/2018)	1.506,45
18.151.2200001 Material de oficina Urbanismo (RC 2/2018)	1.225,15
18.151.2269901 Gastos diversos Urbanismo (RC 2/2018)	7,27
18.1532.61906 Obras de pavimentación de viais públicos (RC 2/2018)	7.441,50
18.160.21301 Conservación e mantemento de emisario submarino (RC 2/2018)	2.936,66
18.165.21302 Conservación de instalacións de alumado público (RC 2/2018)	1.522,70
18.170.2269904 Gastos diversos en medio ambiente (RC 2/2018)	59,79
18.170.48000 Subvencións medio ambiente (RC 2/2018)	387,20
18.171.62303 Investimento en praias (RC 2/2018)	4.363,87
18.1720.48000 Subvencións medio ambiente (incendios forestais) (RC 2/2018)	26.841,43
18.231.21301 Conservación instalacións e utillaxe guardería municipal (RC 2/2018)	411,20
18.231.2269908 Gastos diversos Servizos Sociais (RC 2/2018)	86,10
18.231.48005 Subvencións emerxencia social (Servizos Sociais) (RC 2/2018)	5.887,61
18.231.62300 Equipamento guardería municipal (RC 2/2018)	215,00
18.311.2270601 Señalización fontes e estudo potabilidade de augas de fontes e de instalacións municipais (RC 2/2018)	358,89
18.323.21301 Conservación maquinaria, instalacións e utillaxe Educación (RC 2/2018)	1.710,93
18.323.48000 Subvencións actividades diversas Educación (RC 2/2018)	6.015,86
18.330.23121 Gastos locomoción Cultura (RC 2/2018)	65,63





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

18.334.2260901	Actividades culturais diversas (RC 2/2018)	3.270,73
18.334.48001	Subvencións actividades promoción e difusión Cultura (RC 2/2018)	7.867,37
18.334.62701	Estudos de microtoponimia de parroquias do municipio (RC 2/2018)	3.000,00
18.338.2269906	Actividades diversas – festexos populares (RC 2/2018)	2.838,25
18.338.47000	Premios actividades navideñas (RC 2/2018)	300,00
18.338.48000	Subvencións actividades diversas festexos populares (RC 2/2018)	3.090,00
18.341.2260902	Actividades deportivas diversas (RC 2/2018)	5.963,62
18.341.48001	Subvencións promoción e difusión do deporte (RC 2/2018)	8.653,24
18.342.21301	Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe deportes (RC 2/2018)	2.182,83
18.342.62302	Equipamento de instalacións deportivas municipais (RC 2/2018)	6.897,00
18.432.48000	Subvencións actividades diversas Turismo (RC 2/2018)	4.731,10
18.450.20300	Alquiler de maquinaria Infraestructuras (RC 2/2018)	1.064,80
18.450.21301	Conservación de maquinaria, instalac. e utillaxe Infraestructuras (RC 2/2018)	1.418,55
18.450.21401	Conservación material de transporte Infraestructuras (RC 2/2018)	1.426,20
18.459.21001	Conservación infraestructuras e b. naturais (Servizos Urbanos) (RC 2/2018)	1.700,60
18.459.21301	Conservación de maquinaria, instalac. e utillaxe Serv. Urbanos (RC 2/2018)	537,92
18.459.2210301	Combustibles e carburantes Servizos Urbanos (RC 2/2018)	310,80
18.459.2269900	Gastos diversos Servizos Urbanos (RC 2/2018)	150,04
18.459.62302	Adquisición de maquinaria e utillaxe Servizos Urbanos (RC 2/2018)	12.926,19
18.912.2260101	Atencións protocolarias e representativas Org. Goberno (RC 2/2018)	1.020,70





# CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

18.912.2269904	Gastos diversos Organos de Gobierno (RC 2/2018)	28,44
18.912.23101	Gastos locomoción Organos de Gobierno (RC 2/2018)	72,32
18.912.48000	Subvencións actividades diversas Organos de Gobierno (RC 2/2018)	741,12
18.920.21301	Conservación instalacións e utillaxe Administración Xeral (RC 2/2018)	484,11
18.920.2260402	Gastos xurídicos diversos Administración Xeral (RC 2/2018)	55.543,07
18.920.2269902	Gastos diversos funcionamento Administración Xeral (RC 2/2018)	284,90
18.920.23301	Outras indemnizacións Administración Xeral (RC 2/2018)	6.401,42
18.920.62501	Mobiliario para dependencias municipais (RC 2/2018)	20.291,51
18.920.62601	Equipamento e modernización de equipos informáticos Administración Xeral (RC 2/2018)	880,88
18.924.48001	Subvencións actividades festivas (RC 2/2018)	4.051,82
18.931.2270601	Estudios e traballos técnicos Admon. Financeira : mantemento programa e aplicación contable (RC 2/2018)	639,33
18.931.2270802	Traballos realizados por outras empresas: xestión multas de tráfico (RC 2/2018)	1.684,32
TOTAL		236.076,52

O expediente administrativo de modificación de crédito 23/2018 finánciase integramente mediante unha baixa de crédito nas seguintes aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Euros
18.1621.2270000	Prezo do concesionario do servizo de recollida de RSU .....	100.000,00
18.163.2270000	Prezo do concesionario do servizo de limpeza viaria .....	70.076,52
18.920.50000	Fondo de contingencia execución orzamentaria (Art. 31 LOEPYSF)..	66.000,00





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 23/2018 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 23/2018 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

**Retirada do asunto.-** Non se aborda este asunto, dada a súa relación directa co punto I.1 referido ao recoñecemento extraxudicial de créditos num. 2/2018 por importe de 236.076,52 €, que quedou sobre a Mesa.

### **I.5.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 24/2018 MEDIANTE TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 15.000,00 €.**

A Comisión Especial de Contas, na sesión extraordinaria do 5 de setembro de 2018 informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

De conformidade co indicado nunha proposta do Concelleiro de persoal, do día 03.09.2018, referida a necesidades de crédito para gratificacións do persoal municipal en 2018 por importe total de 15.000,00 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado a gratificacións do persoal municipal en tres aplicacións orzamentarias por un importe total de 15.000,00 euros (areas de gasto 2 e 3, segundo o indicado na proposta antes citada); polo que é precisa unha modificación orzamentaria en 2018 mediante transferencias de crédito por importe de 15.000 euros .

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018, existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido en tres aplicacións orzamentarias do capítulo 1 (áreas de gasto 4 e 9) por importe total de 15.000,00 euros.

Visto o establecido nos artigos 179 e 180 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 40 ao 42 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como nas bases de execución 5ª.3 e 8ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 .

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor accidental do Concello de Nigrán





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

no informe referencia EFC 09/18, de data 04/09/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 24/2018 mediante transferencias de crédito por importe de 15.000,00 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018, cos seguintes destinos e orixes :

Aplicación orzamentaria	Destino/Orixe		Euros a transferir +/-
18.231.15100	Gratificacións Servizos Sociais ....	+	2.000,00
18.241.15100	Gratificacións Fom. Emprego .....	+	6.000,00
18.330.15100	Gratificacións Cultura .....	+	7.000,00
18.432.13100	Retribucións persoal laboral temp. Turismo .....	-	2.500,00
18.450.13000	Retribucións persoal laboral fixo Infraestructuras .....	-	10.000,00
18.920.12101	Complemento específico Admon. Xeral .....	-	2.500,00

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 24/2018 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Cuarto.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 23/2018 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

### **Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado:* Explica a proposta.

*D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:* Reitera o dito para os punto 2 e 3. Absteranse.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* É positivo que se prevexa o que se vai facer de cara ao futuro. Votará a favor.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Falta detallar as necesidades. Os reparos refírense á ausencia da fiscalización previa. A partida nun punto auméntase, e noutro redúcese. Absterase.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Absterase. Os servizos deben abordarse estruturalmente e non mediante solucións conxunturais.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE e Nigrán Decide.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP, UCN e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA - APROBACIÓN PLENARIA SEGUNDA MODIFICACIÓN DAS BASES DO III PLAN BECAS MUNICIPAIS DE NIGRÁN.**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 05/09/2018 emitiu ditame favorable sobre o asunto.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D<sup>a</sup>. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada:* É unha nova modificación, suavizando os requisitos á vista do resultado das últimas convocatorias. Explica os detalles da proposta. Incluíron unha rama de educación física.

*D<sup>a</sup>. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:* Votarán a favor. Pensa que hai un problema de difusión desta iniciativa.

*D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:* En principio están de acordo. Pregunta quen vai ser o titor no caso educación física, senón votarán en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:* Coincide con Nigrán Decide no tema do titor. Parece que o que se busca é persoal, baixo a aparencia de becarios. Falta esa xustificación no caso da educación física. Non está claro para el. Votará en contra.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:* Na Comisión Informativa votou a favor por fatiga. Non vai manter ese voto á vista do panorama. Sempre criticou que se parecisen a postos de traballo. Vaise abster.

*Sra. Giráldez Armas:* Retiran a titulación de educación física.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.







## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando a proposta ditaminada pola Comisión Informativa no sentido de excluír as titulacións universitarias da rama de educación física, adopta o seguinte **ACORDO**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 01/02/18, o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo de aprobar a convocatoria do III Plan de Becas Municipais de Nigrán

Esta convocatoria foi remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións segundo a normativa de aplicación en vigor, publicándose o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 16/04/18 e abrindo, a partir desa data, o prazo oficial de presentación de instancias.

A maiores da publicación obrigatoria e oficial no BOP, a existencia deste plan foi difundida a través da totalidade de medios dos que dispón esta administración local: prensa, Sede Electrónica Municipal, correos electrónicos a distintas entidades formativas e profesionais, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... confiando en que, dado o proveito formativo e laboral que as persoas beneficiarias poderían obter desta iniciativa, houbo un importante número de persoas interesadas que permitise poñer en marcha dito programa.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 30/05/18, non houbo candidaturas suficientes presentadas para as sete prazas de xestión da administración.

Como consecuencia do anterior, púxose en marcha unha segunda convocatoria aprobada no Pleno do 16/05/18 e aberta mediante publicación no BOP do 07/06/18.

Rematado o proceso selectivo correspondente a esta segunda convocatoria, que rematou coa acta asinada o 23/07/18, seguen vacantes tres prazas deste programa, polo que se abre a posibilidade de levar a cabo unha terceira convocatoria para as mesmas, incluíndo unha nova modificación dalgúns dos criterios de selección establecidos para permitir o acceso ás becas das persoas interesadas que por diferentes motivacións non houbo podido presentarse no prazo inicial. Esta corporación non considera oportuno eliminar un programa no que confía e que está segura de que pode supoñer unha gran vantaxe competitiva para as persoas beneficiarias do mesmo á hora de incorporarse ao mercado laboral ordinario.

Obviamente, parece existir algún problema que impide e/ou dificulta o acceso da nosa veciñanza a este plan, polo que, ante esta situación esta corporación analizou o conxunto das bases da segunda convocatoria propoñendo neste momento modificacións en dous apartados: requisitos mínimos das persoas beneficiarias e titulacións válidas para optar ás becas.

### **A) PRIMEIRA MODIFICACIÓN: REQUISITOS MÍNIMOS**

Esta corporación considera que pode e debe realizarse unha modificación dos devanditos requisitos de tal xeito que, mantendo en todo momento o obxectivo de priorizar a incorporación a este programa de persoas empadroadas en Nigrán, desempregadas e sen experiencia previa na súa rama de titulación, poida ampliarse o conxunto de potenciais





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

persoas beneficiarias.

Así, estes requisitos mínimos quedarían especificados como se expresa a continuación:

**REQUISITOS MÍNIMOS:** as persoas interesadas terán que

- a) Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas convocadas.
- b) Ter rematadas ditas titulacións no ano 2010 ou con posterioridade a esa data.
- c) Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III.
- d) Non estar incapacitadas físicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- e) Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de presentación da solicitude. Permitirase a mellora de emprego, sempre que, segundo reflecta á vida laboral da persoa candidata no apartado "CTP %", dita porcentaxe non sexa superior ao 18,75%.
- f) Constar empadroadas neste concello, con antigüidade de un mes, en relación coa data desta convocatoria.
- g) Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida máis de 400 días dende o ano 2010, ou non ter estado/a de alta como autónomo/a, en actividades relacionadas co obxecto da beca máis de 400 días dende o ano 2010, nen gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/u privado para formarse na súa rama profesional e para a mesma titulación.
- h) Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de destino.
- i) Non estar incursas nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **B) SEGUNDA MODIFICACIÓN: BECAS CONVOCADAS:**

Respecto a este punto, a corporación considera que pode tamén realizarse unha ampliación das titulacións universitarias, recollendo aquelas relacionadas coa xestión de xeito xeral, de tal forma que a formación válida para optar ás tres becas restantes sería a seguinte:

- Titulación mínima: Ciclo medio de xestión administrativa.
- Titulacións aceptadas (escollidas pola súa relación coas tarefas habitualmente desenvolvidas nos departamentos municipais de posible destino das persoas becarias):
  - Ciclos superiores da rama FP "Administración e xestión".
  - Titulacións universitarias de rama xurídica.
  - Titulacións universitarias de rama laboral.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

- Titulacións universitarias de ramas económicas e/ou empresariais.
- Titulacións universitarias da rama de xestión.

O Tribunal terá a competencia exclusiva para determinar se a titulación alegada pola/s persoa/s aspirante/s pode ou non encadrarse nas ramas anteriormente citadas.

—

### **PARTE DISPOSITIVA DO ACORDO:**

1. Aprobar a modificación das bases de convocatoria do III Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán, incluíndo as variacións que se recollen nesta proposta.
2. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar esta modificación á correspondente aprobación plenaria e a unha nova publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e BOP de Pontevedra.
3. Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles para a cobertura das tres prazas vacantes.
4. Proceder a informar destes cambios mediante prensa, Sede Electrónica, correos electrónicos a distintas entidades, taboleiros de anuncios, departamentos municipais, redes sociais... para acadar a súa máxima difusión.

\*\*\*

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace  
O ALCALDE  
Juan Antonio González Pérez

